

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOAÑA
CELEBRADA O DÍA 26 DE XUÑO DE 2014**

ASISTENTES	
	GRUPO POLÍTICO
ALCALDE:	
D. José Fervenza Costa	PP
CONCELLEIROS/AS:	
D ^a . Susana Varela Santiago	PP
D. Jorge Santomé Gestido	PP
D ^a . María Colomba López Freire	PP
D ^a . Rosa Solla Veiga	PP
D ^a . María del Carmen Maya Santomé	PP
D ^a . Raquel Carro Sequeiros	PP
D ^a . María del Carmen Regueira Fernández	PP
D. Xosé Manuel Millán Otero	BNG
D ^a . María Martínez Nogueira	BNG
D ^a . María Beatriz Riobó Rouco	BNG
D. Odilo Barreiro Martínez	BNG
D ^a . María Libertad Cruz Couso	BNG
D ^a . Araceli Gestido Rodríguez	BNG
D ^a . Marta Freire Riobó	PS de G-PSOE
D. María Dolores Miranda Costas	PS de G-PSOE
SECRETARIO:	
D. Adamantino Barreiro García	
AUSENTES:	
D ^a . Coral Ríos Santomé	BNG

En Moaña, o 26 de maio de 2014, xoves, ás 20.00 horas no salón de plenos da Casa do Concello, tras a convocatoria para o efecto, reúnen-se, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros e as señoras concelleiras que se relacionan na marxe co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Moaña.

A todos/as os/as asistentes entregóuselles copia da orde do día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Escusa a súa asistencia por razóns laborais a concelleira dona Coral Ríos Santomé.

Estando presente o quórum necesario, o Sr. presidente declara validamente constituída a sesión.

ORDE DO DÍA

Participación Veciñal.

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2º.- Resolucións da Alcaldía.
- 3º.- Dar conta do estado das xestións das mocións aprobadas no pleno anterior, segundo o Regulamento de
- 4º.- Aprobación do Regulamento do Servizo de saneamento e depuración de augas residuais do Concello de Moaña.
- 5º.- Comparecencia concelleira de Cultura.
- 6º.- Comparecencia concelleira de Servizos Sociais.
- 7º.- Moción da Plataforma pola Defensa da Ría sobre os aparcamentos disuasorios.
- 8º.- Moción do PSG-PSOE para a aprobación dun "Plan de apoio á alimentación infantil".
- 9º.- Moción do PSG-PSOE sobre derogación do apartado "C" do artigo 41, da Lei 9/2013, de 19 de decembro relativo á necesidade de obtención de licenza para a celebración de festas populares.
- 10º.- Rogos e preguntas

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

O Sr. presidente dá conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar na data do 29 de maio de 2014, e pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións a esta.

Intervén dona Marta Freire quen desexa que sexa aclarada a súa primeira intervención que figura na páxina 8 da acta, desexando que conste na acta a súa intervención que entrega para a súa constancia íntegra que literalmente di:

Dona Marta Freire intervén para dicir que os informes demostran que a concelleira de Facenda non ten nin idea da situación do Concello. Mentres vostede di que non se pode cumprir o Plan de axuste e o alcalde di

na prensa que non o vai cumprir, a interventora alerta que é preciso tomar medidas. Pensaban que con eliminar algúns alugueres e algúns teléfonos móbiles xa o tiñan solucionado. Nós non imos obviar a realidade, pero non apoiaremos medidas que supoñan incrementos de impostos aos veciños, porque hai outras alternativas. O que ten que ter vostede é máis dedicación polo seu traballo, non me refiro a que reciba retribución, e preocuparse por facer ordenanzas que non graven aos veciños pero si a outros que se lucran no noso Concello. A realidade é que cada vez hai máis gasto e se recada menos. A interventora alerta de que é preciso tomar medidas adicionais, di que hai que reducir gastos non obrigatorios, que hai que reducir a actividade aos servizos mínimos... O PSOE pregúntase se ten pensado vostede suprimir servizos ou que medidas pretende aplicar no ano que falta. Os técnicos do concello están alertando e vostedes non o teñen en conta.

Don Odilo Barreiro indica que na páxina 23 figura unha pregunta feita polo Sr. Xosé Manuel Millán, que di ¿de qué me coñece?. A dita pregunta foi feita por un veciño, non polo Sr. Millán e desexa que se corrixa.

Sometido o borrador da acta a votación, é aprobada, por unanimidade dos dezaseis membros presentes que compoñen a Corporación, a acta correspondente á sesión ordinaria de data 29 de maio de 2014, coas modificacións propostas polo PS de G-PSOE e BNG.

2º.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 191, do 28/05/2014, e a número 235, da data 24/06/2014.

O Pleno da Corporación queda ao corrente.

3º.- DAR CONTA DO ESTADO DAS XESTIÓNS DAS MOCIÓNS APROBADAS NO PLENO ANTERIOR, SEGUNDO O REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN VECIÑAL

➤ O Sr. Alcalde dá conta de reclamacións anteriores sobre mocións. Dá lectura a un escrito aclarando a onde se remiten as mocións.

➤ Dona Marta Freire sinala que segundo a modificación do Regulamento de Participación Veciñal aprobada en Pleno o Alcalde non só ten que dar conta das mocións do pleno anterior senón que ten que dar conta de todas as xestións das mocións aprobadas no pleno e que seguen pendentes de finalizar a súa tramitación. En ningún momento no Regulamento se sinala que sexan só as do pleno anterior.

➤ Don Francisco Ferreira pide que se lle informe sobre algunha moción. No pleno do 20 de maio, no acceso de Tirán acordouse mandar á consellería un escrito. Pide que se dea conta non só de mocións. Na do 20 de maio pasado, por exemplo, adoptáronse acordos.

➤ O Sr. Alcalde sinala que se mandou o escrito á consellería, pero a Comisión de Mobilidade non se convocou.

➤ Don Francisco Ferreira indica que o Alcalde anuncia a xestión pero que quere que se resolvan.

➤ O Sr. Alcalde indica que houbo cambios na consellería, e informareinos de como está a cousa. Farei unha reunión coa nova consellería sobre este tema e posteriormente informareinos.

➤ Don Francisco Ferreira pide que se inclúa no pleno ordinario a información. Tamén pide información sobre a petición de Rande.

➤ O Sr. Alcalde indica que se mandou por escrito copia do proxecto e pediuse unha reunión.

➤ Don Francisco Ferreira pide que se interese por ese tema xa que hai falla de información. Pide que conten cos veciños de Chapela aquí presentes, e solicita que se lles permita intervir.

➤ Un veciño de Chapela informa como afectado polas expropiacións e as comunicacións co Morrazo. Di que o que se pretende é reducir a comunicación Vigo-Morrazo, que será un carril exclusivo para O Morrazo. Levaría dous carrís en total pero un só na parte exterior en cada sentido. Para urxencias ter que ir a Vigo e especialmente para as ambulancias sería un problema. Tivemos un contencioso en Madrid e déronlle carpetazo. Era unha obra faraónica e un pelotazo. A actual ministra dixo primeiro que era innecesario. Pero agora por sorpresa dende fai un ano non somos capaces de reunirmos con ela. O Sr. del Rio é o que manexa o “tinglado” e retomaron o proxecto de “Pepe Blanco”. Será un carril en cada sentido exclusivo para o Morrazo. Nós pedimos que se presione que esta obra faraónica non se leve a cabo. É un pelotazo. E o servizo será só un carril. Farán tres conexións pero haberá que xirar en ángulo recto, será moi complicado. Recorda que se fará un carril só.

➤ Don Ezequiel da Asociación a Chamusca indica que acabou o prazo de alegacións, xa finalizou e despois queda ir a un contencioso-advo. Pregunta se é posible se pode o Alcalde organizar una entrevista co responsable de infraestruturas.

➤ O Sr. Alcalde indica que se conseguimos unha reunión informareivos para estar todos.

➤ Don Ezequiel sinala que os piares están corroídos segundo os mergulladores e están a media vida.

4º.- APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS DO CONCELLO DE MOAÑA

O asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego realizada o día 24/06/2014.

➤ O Sr. Alcalde le a súa proposta que literalmente di:

PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MUNICIPAL DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA E SANEAMENTO DO CONCELLO DE MOAÑA

A Xunta de Galicia aprobou o Decreto 141/2012, do 21 de xuño, (DOG Nº 129, do 06/07/2012), polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia. O dito regulamento ditase en virtude do artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia. O dito Decreto 141/2012, no seu artigo 34 establece a obriga das entidades locais de elaborar regulamentos ou ordenanzas específicos en relación cos sistemas de saneamento e depuración que xestionan.

A súa disposición transitoria primeira do Decreto 141/2012 sinala que as entidades locais adecuarán as ordenanzas e os regulamentos sobre planificación, deseño, uso e verteduras ás redes de sumidoiros públicos ao disposto neste regulamento no prazo de dous anos contados desde a súa entrada en vigor, conforme ao disposto no artigo 32.3 da Lei 9/2010, de augas de Galicia. Transcorrido ese prazo de dous anos, este regulamento entenderase de aplicación directa en todos aqueles aspectos que resulten incompatibles con el.

Por tal motivo propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- *Aprobar o Regulamento do Servizo municipal de subministración de auga e saneamento do Concello de Moaña.*

Segundo.- *Someter, en virtude do previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, o citado Regulamento do Servizo municipal de subministración de auga e saneamento do Concello de Moaña, a información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante publicación de anuncio e texto no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que quen estea interesado poidan presentar as reclamacións ou suxestións que coide oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. En ambos os dous casos, e segundo establece o artigo 70.2 da Lei 7/1985, as ordenanzas publicaranse no "Boletín*

Oficial" da provincia e non entrarán en vigor ata que se publicase completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 (15 días).

Moaña, 23 de xuño de 2014. O Alcalde, Asdo: José Ferverza Costas.

➤ O Sr. Alcalde indica que na comisión dixeron os outros grupos se se podía deixar para outro pleno pero indica que o vindeiro 26 de xullo finaliza o prazo. Os cambios que se propoñen son mínimos respecto ao regulamento de 2005. Recalca que a Xunta de Galicia ten que emitir informe. Recalca que é unha normativa nova da Xunta de Galicia. Non ten custo para a veciñanza e cumpre co decreto da Xunta de Galicia e hai que enviarllo.

➤ Don Xosé Manuel Millán toma a palabra, dá as boas tardes e indica que na comisión informativa votou en contra, non polo regulamento, senón pola forma e desexa que conste este desagrado. Engade que estas son as maneiras de actuar do Goberno municipal dende hai moitos meses. É un regulamento, que en principio que sae dun decreto de 2012, tráeo a pleno un mes da data límite da entrada en vigor. Sóbranalte vinte e tres meses, pero non se deu a coñecer aos grupos políticos para estudala. Nós démonos de conta o luns e ditaminárono o martes e son noventa páxinas. Votaremos en contra polo método dun goberno que necesita do apoio dos outros grupos políticos. Pero non os respectou. O expediente está incompleto. Só tiña un informe do secretario municipal e solicitou un informe á interventora e copiou o de secretaría e que non ten implicacións económicas. Deberíamos saber en que modifican o anterior e o de agora. Díganos en que cambia e falta o informe de Aqualia. O normal é que Aqualia emitise un informe. O Alcalde di que a Aqualia non lle parece mal. Pero non figura o informe da concesionaria que indique as modificacións que non afecte ao servizo nin a os prezos. Engade o Sr. Xosé Manuel Millán que non existe ese informe e o 26 de xullo entra en vigor o decreto da Xunta. Ese regulamento mandáranos de Santiago. O 26 de xullo non entrará en vigor e con isto irémonos a setembro. E entrará en vigor o decreto da Xunta. Pleno tras pleno estamos aprobando as cousas e no pasado con asunto do crédito ICO pasou o mesmo. Faltaban os papeis e fóronas metendo pouco a pouco. Hoxe o único punto que trae o Goberno municipal é este e non traen nada. O BNG votará en contra.

➤ Dona Marta Freire indica que votará en contra, polo mesmo motivo que ten manifestado xa o Sr. Millán. Os expedientes non están completos. Falta que informe a adxudicataria. Pide que o secretario informe de se se conculcan competencias do Concello. Esperou vostede a dar a coñecer este asunto cando se viu obrigado a incluílo na orden do día do pleno porque finalizaban os prazos para a súa tramitación, cando poidemos comprobar que teñen un requirimento dende o 21 de xaneiro que tiveron escondido ata hoxe. Os prazos xa non se cumpriron e o día 26, data límite, non estará lista a aprobación definitiva. Non tivemos tempo de facer a comparativa. Queremos que se complete o expediente e que se vote a retirada.

➤ Dona Susana Varela indica que é igual ao regulamento de 2006. Hai tres cousas que varían incorporando o código técnico de edificación. Tamén unha cuestión sobre industria. Non é unha ordenanza fiscal, só se cambian cousas polo decreto da Xunta. A concesionaria Aqualia viu favorablemente. Antes da aprobación definitiva hai que mandalo a Xunta para aprobación definitiva.

➤ O Sr. Alcalde recalca que a documentación pasouse a Aqualia e dixeron que esperaban ao informe de Aguas de Galicia e despois emitirán informe eles.

➤ Dona Marta Freire indica que non figura no expediente o informe de Aqualia, o expediente está case baleiro. Imos estar fóra de prazo e serán en setembro. E propón que se inclúa no pleno o 24 de xullo e propón que se retire.

➤ O Sr. Alcalde indica que é a aprobación inicial e podemos presentar alegacións e despois virá ao pleno.

Sometido o asunto a votación, prodúcese o seguinte resultado: oito votos a favor, os do PP, e oito en contra, os do BNG e PS de G-PSOE. Logo do empate, sométese novamente a votación, co mesmo resultado, decidindo o voto de calidade do Sr. Alcalde, polo que o Pleno da Corporación acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o Regulamento do Servizo municipal de subministración de auga e saneamento do

Concello de Moaña.

Segundo.- Someter, en virtude do previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, o citado Regulamento do Servizo municipal de subministración de auga e saneamento do Concello de Moaña, á información pública por un prazo de trinta días hábiles mediante publicación de anuncio e texto no taboleiro de anuncios do Concello e anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de que quen estea interesado poidan presentar as reclamacións ou suxestións que coide oportunas. No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. En ambos os dous casos, e segundo establece o artigo 70.2 da Lei 7/1985, as ordenanzas publicaranse no "Boletín Oficial" da provincia e non entrarán en vigor ata que se publicase completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 (15 días).

5º.- COMPARECENCIA CONCELEIRA DE CULTURA

- Intervén don Odilo Barreiro quen agradece a comparación da concelleira porque a última vez que pediu unha comparecencia o anterior concelleiro non compareceu. Agradece a súa presenza. A cuestión centrase no seu labor na área de cultura. Recalca que hai unha falla de coordinación, do uso de espazos e outros aspectos. Por exemplo, no pavillón de Reibón hai actividades de Servizos Sociais e a cuestión vai de Maika a Colomba. Se temos comisións, vén un substituto e di que non ten información. Iso evidencia a realidade deste Goberno, o Alcalde non coordina como é debido. Preocúpase de que non se vaian os concelleiros pero non coordina. Achácalle a falta de orzamento que non teñen, que potencia o banal sobre o básico, exemplo "racanea" cartos a bibliotecas e asociacións, e gasta 12.000 euros con luces de Nadal, pero ten máis sombras que luces o seu goberno. Recibira 6.000 euros para San Martiño, pero vano deixar en mans da comisións de festas. Hai un abandono da Casa da Mocidade pero antes utilizábase como espazo para exposición, pero agora vanse utilizar para iso. Temos queixas dos mozos das comparsas. Non hai propostas da área de Cultura e non teñen apoio, nin para entroido, quen queira facer concurso de carrozas e isto non é Tenerife. Hai que achegar ideas da nosa cultura. Hai unha falla de ideas e propostas por exemplo Intercéltico, porque case é unha verbena, só fallan as orquestras.

Escóitanse gritos de parte do público.

- O Sr. Xosé Manuel Millán.- Pide que manteñan a calma dos seus siareiros.
- Don Odilo Barreiro sinala que é unha falla de cara aos pallasos. Non se pode dar a unha produtora privada que nos traia a Milladoiro, e que ten que partir da súa vontade. Perderon os proxectos culturais, como o proxecto do auditorio, si nos van facer os aparcamentos disuasorios. Van tres anos sen grandes proxectos. Só fotos e todo queda en nada. Non sacaron nada. Outro tema grave son os centros parroquiais culturais como o Rosalía de Castro que si lle puxeran atrancos cando estaban na oposición. Téñeno no abandono, os usuarios e veciños quéixanse do seu abandono. Díxose que había un aval, e dixo que había que cambiar os manubrios. Por dignidade política meteuse debaixo da mesa. Respecto ao alto da praza está como estaba e non tivo actividade cultural en tres anos. Nin centros culturais parroquiais nin no centro da vila. Tamén hai un abandono da casa de música, e os pais pediron arranxos e o conserxe, e só atoparon desidia do equipo de goberno. Dáse outra saída profesional a moitos nenos, e para o Goberno do PP, a escola de Música non é unha prioridade. Respecto ás bibliotecas, pedíase melloras nas bibliotecas, prensa escrita, equipos informáticos, xa que non funcionan os ordenadores. Os orzamentos son herdados, hai partida para animación á lectura e non gastan nin o 10% do orzamento. Pide que empregue o orzamento herdado. Débese implicar e saber o lugar que se ocupa. Dende o último pleno asistimos na prensa a algo bochornoso. Debemos asumir as críticas políticas, non persoais, pero vostede perdeu os papeis e someteunos a un espectáculo vergonzoso, con descualificacións, e desprestixia as institucións. Non permitimos que para unha crítica política saia vostede no plan que saíu na prensa. Moaña non merece un Goberno que desprestixie.
- Intervén dona María Colomba López, que indica que na cabalgata gastáronse enormes sumas, pero pertence a Servizos Sociais. Á cabalgata de reis asistiron unhas 6000 persoas e iso con menos do que vostedes gastaban. A iluminación pídena os comerciantes para que se compre en Moaña. As

asociacións dicían que non se lles miraban por alí. Rosalía de Castro non o puxeran en marcha. O palco de música arranxouse. Tamén en Verducedo se fixeran reparacións na escola de música. Houbo recortes de persoal que afecta ao conserxe e ocúpase a AMPA. Hai 3000 euros para libros de bibliotecas. Tamén para lectura, non se fai nin máis nin menos do que facían vostedes. Carnaval o 100% asúmeo o Concello, contrátase son, autobuses, as asociacións de veciños polo 100% do custe. O Interceltico, grazas a nós celebraron a 30 edición. Tamén circuítos teatrais, praza de abastos, Ramón Cabanillas... folclóricas, orfeón moañesa, baile, colexios, comisión de festas, deportes, axenda de verán... Non teño máis que dicirle.

- a) Don Odilo Barreiro indica que contesta cousas que non lle preguntei, non chamou as comparsas.
- b) Dona María Colomba López indica que si as chamei eu persoalmente.
- c) Don Odilo Barreiro indica que o alto da praza esta igual e o alcalde non quere inimigos. Respecto a escola de música pregunta canto achega para obradoiros. Vostede non fai uso dos orzamentos. O número de alumnos da escola de música é moi alto. Non fale do recorte económico do entroido e recorda vostede unha factura que non sabía de que era de repartimento de publicidade. Para o PP sabemos o que é a cultura e a orquestra Panorama. E quedoulle feita unha programación.
- d) Dona María Colomba López sinala que vergoña lle tiña que dar unha programación que non existía.
- e) Dona Marta Freire pide a palabra.
- f) O Sr. Alcalde indica que non ten a palabra xa que é unha moción do BNG.
- g) Dona Marta Freire pide que informe o Secretario se pode intervir.
- h) O Secretario indica que poden intervir todos os grupos políticos.
- i) Dona Marta Freire indica que lle sorprende que a concelleira xustifique os gastos excesivos na cabalgata cando temos escoitado en diversas ocasións a este goberno dicirle aos veciños que non hai cartos porque as circunstancias económicas non son as mesmas. Falan vostedes de que hai que conter o gasto, e os primeiros que deben conter o gasto son vostedes. No seu programa levaban unha serie de medidas, as cales non puseron en marcha en tres anos de goberno. ¿que tipo de xestións leva feito para a creación do censo de artistas que leva no seu programa? ¿que medidas aplicou para para potenciar os centros de parroquias?.

En materia de Transporte e mobilidade, gustaríanos saber que pasou co aparcadoiro de 2000 metros cadrados no Rosal, o cal lle deu a vostede e ao alcalde uns cantos titulares de prensa pero pouco máis. Queremos saber como vai o aparcadoiro do Rosal. Queremos que nos explique se o PP de Moaña aposta porque o transporte da ría sexa público. Queremos que nos diga cando se vai constituír a Comisión de Mobilidade.

- j) Dona María Colomba López indica que se pediu a comparecencia pero para cultura e non lle vou contestar. Respóndolle na comisión.
- k) Dona Marta Freire indica que vostede tamén é concelleira de mobilidade, de seguridade cidadá, de mancomunidade... Diga vostede que non ten nin idea do que lle estou preguntando. En tres anos todavía non sabe as áreas nas que ten delegación. Informe vostede de que pasa coa comisión de mobilidade, co transporte marítimo, coas persoas con discapacidade, co billete único, coas actividades para potenciar a Casa da Xuventude, cos grupos de música.....
- l) Dona María Colomba López indica: "É moi lista"
- m) Dona Marta Freire respóndelle "Máis ca ti, seguro". Ten a lingua moi larga e acabarei no xulgado. Non ten nin idea de nada do que lle preguntan, púxose nerviosa. Como queda Moaña cando marche ela.

- n) Don Odilo Barreiro sinala que non entendeu o que lle dixer. É unha digna concelleira de Cultura porque o teatro fíxoo moi ben.

6ª.- COMPARENCIA CONCELLEIRA DE SERVIZOS SOCIAIS

- Dona Marta Freire toma a palabra e indica que pedimos a comparencia da concelleira de Servizos Sociais. Indica que non se nos informa e queremos saber os motivos. Así as terrazas, en decembro de 2013 publicouse a ordenanza e había seis meses para adecuala á nosa normativa. Pero non se solucionou o tema das terrazas. O 30/04 non se notificou que se levantasen as terrazas. A ordenanza fiscal non se trouxo para aprobala. Cando vai traer o levantamento dos cerramentos. Se vai facer os trámites de inspección nos próximos días. Sobre a praza de abastos, a ordenanza está aprobada pero o prego dos postos baleiros non se trouxo e pregunta cando se vai facer e que proceso se vai iniciar. Na venda absolutamente se aprobou inicialmente isto, estamos na fase de alegacións e que actuacións e outros expedientes hai pola venda ambulante de ilegais. E que vai facer se asinou convenios cos comerciantes e a oficina de atención a comerciantes. Respecto ao programa Aquelar foi unha tramitación moi lenta. Aprobouse unha lei de administración local e agora hai atrancos, para o Aquelar pregunta se se vai poñer en marcha e que alternativa vai ofrecer ás familias. Respecto á axuda no fogar descoñece a situación contractual se prevía que eran 2+2 anos estivo catro anos, pero en abril extinguiuse e cal é agora a situación legal e como segue prestado o servizo e cando vai publicar o prego. Pide información sobre a axuda a domicilio, teleasistencia, atención ás familias. Respecto a sanidade, pregúntolle polo Centro de Saúde, e se requiriu o servizo de pediatría pola tarde. Respecto a turismo, se ten iniciativas turísticas.
- Dona María del Carmen Maya sinala que se alegra de que pida información e non acuda a notas de prensa. Como boa galega.
- Don Xosé Manuel Millán indica que “Boa galega é a que fala en galego”.
- Dona María del Carmen Maya sinala que si se nos ocorren ideas para axudar as familias. Respecto ás terrazas duplicamos a recadación. A nova ordenanza di que fai un mes que se estaba mandando ás terrazas unha carta e os técnicos de Urbanismo pasan a revisar en tamén a Policía Local. E abríranse expedientes sancionadores. Respecto á praza de abastos aprobouse a ordenanza. Estiven preparando as novas bases de licitación, están pensadas para xente necesitada e non prima o tema económico. Quere dar valor á praza de abastos. Estamos traballando nas bases para a adxudicación. Sobre a ordenanza de venda ambulante, estanse tramitando sancións. Hai alegacións en tema de mercado, hoxe as sancións son irrisorias, aínda que sexan de 90 euros. Tamén a Policía Local e Autonómica colaboran, por exemplo, púxose un posto na rotonda de Domaio e ao día seguinte suprimíuse o posto. O peixe é un pouco máis complexo, hai que collelos *in situ*. Respecto a sanidade o CAP e centro de saúde, atendemos as queixas de veciños, o centro de fisioterapia intentamos reducir a espera. En turismo, colaboramos coa Festa da Camelia, mexillón, a Festa de Sabores da Ría, nós innovamos e facemos visitas a bateas e 100 persoas diarias visitanas e moitas familias de Moaña dependen diso e chaman de toda España interesándose. Eu fago as guías e visitas da xente ás bateas, e síntome orgullosa. Pola crise en setembro de 2011 creamos un banco de alimentos e tratamos de falar con todas as entidades, colaboramos coas tres entidades de contas. Non nos esquecemos dos necesitados, tamén coa violencia de xénero, afectados da plataforma de hipotecas, e axudamos a xente, recortamos en comidas, autobuses etc, de clubs de xubilados e fixemos recollida de alimentos. Tamén o programa de atención a domicilio realizado por Preto de ti. Está en fase de licitación e publicaranse as bases no DOG. Ese servizo tiña impagos pola empresa, e para nós é primordial ese servizo. O Aquelar igual pola falla de Pleno houbo problemas. Déusenos unha subvención. É un gasto inmenso para este Concello. 83.000 euros anuais supón que os quince nenos non todos pagan polos beneficios sociais e recadaranse 29.000 euros e teríamos que pagar 53.000 euros, e polo Plan de axuste os informes son negativos, tanto de Intervención como de Secretaría. Este non é o momento idóneo para iniciar o programa, quizás nun futuro.
- Dona Marta Freire indica que as terrazas establécense que desde o 30 de abril debe levantarse os cerramentos. Na praza de abastos leva dous anos. Aínda hai postos baleiros e os pregos non deben ser puramente económicos. Pregunta cantos expedientes hai abertos e en tramitación. Se pediron a

pediatría pola tarde e o turismo vaise impulsar e o Aquelar se o custe excede para as arcas municipais. Agora temos máis información nas comisións. Si hai alternativas a Aquelar con custos máis reducidos.

- Dona María del Carmen Maya sinala que ás terrazas emitímoslles unha notificacións nas que se informa diso. Respecto do expediente sancionador, non sabe o número exacto, hai cinco ou seis expedientes de mercadillo e coches de venda ambulante hai tres ou catro. Aquelar estamos estudando unha alternativa, pero non hai nada claro. Respecto a pediatría pola tarde, non consta por escrito. Hai contactos coa conselleira e din que se están estudando as colaboracións con asociacións e con “Sabores da ría” que apoiámola.
- Dona M^a Libertad Cruz sinala que a única iniciativa e o banco de alimentos, en tres anos non ten iniciativas novas. Só desmantelaron o programa Aquelar. Pide iniciativa de actividades dende o CIM con poucos cartos, recorda os 6.000 euros gastados na cabalgata de reis en época de crise. A gardería municipal esta desbordada, non hai prazas e pregunta se vai facer algo.
- Dona María del Carmen Maya indica que agora hai gardería municipal. E servizos sociais con pouco gasto, vós gastastes en autobuses e 20.734 euros en saídas de autobuses e comidas, e non vendades que con pouco diñeiro fanse as cousas. Os papeis non menten, en saídas 2.000 euros e 2.300 euros en orquestras non son poucos cartos. Agora trabállase con nenos, violencia de xénero, nenos do Sahara, continuamos con servizos sociais, tamén se fan talleres e Servizos Sociais traballa por si só e non poñas en dubida a competencia do persoal.
- Dona M^a Libertad Cruz indica que non poño en dubida aos traballadores.
- Dona María del Carmen Maya sinala que non hai nada desmantelado.

7º.- MOCIÓN DA PLATAFORMA POLA DEFENSA DA RÍA SOBRE OS APARCAMENTOS DISUASORIOS

Toma a palabra don Sergio Regueira que dá lectura a moción presentada que literalmente di:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MOAÑA.

A Plataforma Pola Defensa da Ría de Vigo “CÍES e, na súa representación en calidade de presidente, Serxio Regueira Gómez, con DNI nº 35931585, con domicilio aos efectos de notificación en Palmas 56A, Domaio, Moaña

EXPÓN

Estando en proceso de adxudicación da adaptación ou construción, de aparcadoiros disuasorios nas zonas de Broullón e Regueiriño – Domaio, queremos facer algunhas aclaracións e suxestións, que desde o noso punto de vista supoñen unha mellora sustancial a respecto dos datos que teñen sido publicados e que redundarían en beneficio dos cidadáns:

A situación actual, na zona de o Regueiriño, Domaio é que diariamente están aparcados 70 – 80 coches, entre as zonas con posibilidade de utilización. Polo tanto calquera inversión de fondos públicos debe ser, como mínimo para mellorar a seguranza e manter ou ampliar a capacidade actual de aparcadoiros. A nosa opinión e que cos aparcadoiros en batería son mais aproveitables os espazos.

Como xa expuxemos nas alegacións presentadas durante o periodo de exposición pública e que foron aceptadas en parte. Insistimos nas zonas e formula de aparcadoiros de xeito que se aproveiten as posibilidade ao máximo das zonas sobrantas da vía pública que existen na contorna:

-. Curva da Valiela, sobranse vía pública, capacidade para unhas 30 prazas de aparcadoiro en batería.

-. Curva do Regueiriño sobranse de vía pública, capacidade para 60 – 70, prazas de aparcadoiros en batería.

-. Zona de Curbeiro, ao carón das columnas da ponte de Rande, explanada con capacidade para unhas 20 - 30 prazas en Batería.

-. Tamén existe espacio suficiente para acondicionar paradas dos autobuses en ámbolos dous sentidos fora dos carrís de circulación. Por todo o exposto

SOLICITASE

Do Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo. Establecer os acordos necesarios coa consellería que corresponda E Ministerio de Fomento, para o acondicionamento dos espazos baleiros sobrantes da vía pública en:

- a). Curva da Valiela, sobrante vía pública, capacidade para unhas 30 prazas de aparcadoiro en batería, con veira ruá desde o final da actual ata a parada do bus.*
- b). Curva do Regueiriño, sobrante de vía pública, capacidade para 60, prazas de aparcadoiros en batería ou en linea nas dúas marxines, con alumeado e veira rúa polo exterior en toda a súa lonxitude ata a parada do bus.*
- c). Acondicionar as paradas dos autobuses en ámbolos dous sentidos fora dos carrís de circulación.*
- d). Pintado dun paso de peóns, acceso seguro no cruzamento da estrada acceso as paradas bus.*
- f). Zona Curbeiro, (Xestionar ante Fomento), ao carón das columnas da ponte de Rande, explanada con capacidade para unhas 30 prazas en Batería, deixando polo exterior paso peonil.*
- g). Broullón, Alumeado e unha para bus en cada sentido da PO 313, con accesos seguros.*

Asinado Serxio Regueira.

- Don Sergio Regueira fai unha presentación dun vídeo explicativo. Indica que está en período de adxudicación das obras de mellora dos aparcamentos disuasorios en Broullón e no Regueiriño de Domaio, e non se di nada. As obras non se adaptan ás expectativas. Aparcan entre oitenta e cen vehículos no Regueiriño e se reduce agora á metade prevese trinta e dúas prazas e agora hai sesenta coches. O investimento debe manter o número de aparcamentos e a seguridade da zona. Na curva do Regueiriño conséguense trinta prazas. Propón Valiela e O Regueiriño, e expón a súa proposta. Pide que se xestione coa Xunta un maior rendemento da zona.
- Don Paco Ferreira indica que ten importancia, crían que se ia solucionar este problema, pero non se vai arranxar. Onde hai cen coches agora van ir trinta e non é solución, é un parche. Se se legalizan trinta, o resto que vai pasar é insuficiente. Non nos explican que vai pasar. Faltan moitos detalles, carece de detalles fundamentais e apoian a moción para que se dea resposta ao problema. Se hai 1900 metros cadrados, por que non se fai un grande aparcadoiro, é algo que lle corresponde ao Goberno municipal. Hai un plan intermodal que é contraditorio co que se quere facer.
- Dona Susana Varela está de acordo, todo é pouco e hai moitos coches nestas zonas. Agora está en marcha. Hai que trasladar ideas á consellería e máis puntos de aparcamento.
- Don Sergio Regueira indica que hai que tomar acordo e se se quere cos mesmos cartos pódese modificar a entrada. Queren que os fondos públicos se utilicen da mellor maneira posible. Tememos que multen unha vez que se habilite o aparcadoiro disuasorio. Propoñemos o da moción e engadir iluminación das beirarrúas e paradas de autobuses para guarecerse.
- Dona Susana Varela non quere que se paralice. O día de mañá pódese ampliar as prazas.
- Don Sergio Regueira indica que non hai parada de autobús.
- Dona Susana Varela indica que lle vai trasladar máis puntos de aparcamento independentemente do que está en marcha.
- Don Francisco Ferreira indica que a Comisión de mobilidade non funciona e creouse en agosto de 2012, e hai pouco volvíase acordar a reunión da Comisión de Mobilidade. Se non se convoca, imos autoconvocala pola nosa conta.

- Don Ezequiel da Asociación A Chamusca indica que se se retrasa catro ou cinco anos máis, que máis dá.
- Dona Susana Varela indica que é o teu punto de vista, se se pode retrasar e se se leva adiante o actual proxecto pódese realizar a posterior.
- Don Ezequiel indica que son 1900 metros cadrados e nin se valorou sacar o penedo de roca para facer unha area máis ampla.
- Dona Susana Varela indica que lle preguntaremos á conselleira.

Sometido o asunto a votación, prodúcese o seguinte resultado: oito votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE, e oito en contra, os do PP. Logo do empate, sométese novamente a votación, co mesmo resultado, decidindo o voto de calidade do Sr. Alcalde, polo que o Pleno da Corporación acorda rexeitar a moción presentada pola Plataforma pola Defensa da Ría sobre os aparcamentos disuasorios.

8º.- MOCIÓN DO PSG-PSOE PARA A APROBACIÓN DUN “PLAN DE APOIO Á ALIMENTACIÓN INFANTIL”.

Intervén dona Marta Freire quen dá lectura a súa moción que literalmente di:

MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA ADOPTAR, DE MANEIRA INMEDIATA, UN “PLAN DE APOIO Á ALIMENTACIÓN INFANTIL”.

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Moaña desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A longa crise económica que vimos padecendo, xunto cunha política descontrolada, por parte do Goberno, de recortes sociais e desmantelamento dos servizos públicos básicos e dereitos conquistados nos últimos anos, está a provocar o aumento dramático da pobreza no noso país. Segundo o INE, un de cada tres cidadáns (o 27,3%) está en risco de pobreza ou exclusión social.

Pero o máis grave destes datos é que o risco de pobreza afecta sobre todo aos nenos e nenas. Recentes informes de organizacións como Save The Children ou Cruz Roxa cifran en case tres millóns (2.826.549) as nenas e nenos en situación de pobreza e alertan de que estes datos van en aumento.

Os nosos veciños/as non están alleos a esta problemática. Cada vez son máis as familias moañesas con tódolos seus membros en paro e con graves dificultades para dar unha calidade alimenticia aos seus fillos, e que esperan dos poderes públicos a adopción de medidas urxentes que pallen a súa complicada situación, sen ter que acudir á caridade ou beneficencia.

Os servizos de comedores escolares permitiron mitigar esta realidade durante o curso escolar, pero atopámonos ante un final de curso xa consolidado no que esta necesidade queda desatendida ao pechar o centro escolar, e por tanto o servizo de comedor.

A realidade é que o curso finaliza pero a precariedade económica das familias non. Inclusive a propia Defensora do Pobo determinou que si a Administración non proporciona os medios e recursos para garantir unha alimentación adecuada son moitos os menores que non a van a recibir de ningún xeito.

Dende a administración hai que ir máis alá de deixar en mans das entidades benéficas a nutrición dos e das menores. Trátase dun dereito fundamental cuxo incumprimento debería ruborizar a calquera goberno, e non se pode mitigar con simples actos de beneficencia.

Os Socialistas consideramos que a situación actual implica que este servizo directo de atención no comedor debe manterse en etapas de vacacións escolares, mediante un Plan específico.

En base ao anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Moaña propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1-Instar ao goberno municipal a convocar de maneira urxente unha reunión de toda a comunidade educativa e grupos municipais para abordar a realidade dos e das menores no noso Concello.

*2-Instar ao goberno municipal a por en marcha un “Plan de Apoio de alimentación Infantil” que inclúa que estean dispoñibles os servizos de comedor infantil nos centros escolares na época estival.
Moaña a 23 de xuño de 2014.*

Marta Freire Riobó.

- ❖ Dona Marta Freire propón un Plan de apoio infantil que manteña os comedores escolares en período estival pola crise económica. Hai asociacións que alertan desta situación. O curso rematou e trátase de manter este servizo. En Moaña non se sabe. Durante o curso mitigouse a situación. A alimentación infantil é feito por asociacións benéficas. A Administración débese garantir. A Xunta di que se os concellos o solicitan, estudaríase e moitas familias pagaban o comedor e agora non pagan. Hai que impulsar o servizo que require xestión ante a Xunta. Que se reúna a comunicade educativa e os grupos da corporación e un estudo máis profundo para os comedores escolares no período estival. E custo cero para o Concello e a Xunta faría convenios de colaboración. Así se fixo en Pontearreas.
- ❖ Dona Raquel Carro indica que sobre esta moción está de acordo con manter unha reunión e coa Deputación de Pontevedra e propón que os nenos sexan asistidos nas súas casas en vez de comedor escolar, que sexa no fogar. Fixemos unha campaña como xoguetes no Nadal, asociacións deportivas, e non se sabe quen a recibiu, queremos que se faga polos Servizos Sociais.
- ❖ Dona Marta Freire di que non adoptando estas medidas poñemos en risco aos menores. Non se trata de que o tema sexa viable ou non. Ao grupo socialista o que nos preocupa e que os nenos/as non vexen limitada a súa alimentación. A moción é o que é. Os comedores escolares son da Xunta de Galicia, se vostedes agora tamén queren implicar á Deputación porque poderán acollerse a esa colaboración non imos poñernos, pero o que nos solicitamos e xestionar para que se abran os comedores.
- ❖ Dona Raquel Carro indica que non queremos que os nenos sexan sinalados.
- ❖ Dona Marta Freire indica que no segundo punto da moción acordouse eliminar donde establece "nos centros escolares" para deixar aberto a ubicación donde se vai dar o servizo e que sexan os propios usuarios os que determinen donde queren recibir esa axuda. Suprímese o parágrafo referente a centros escolares. Incorporárase o informe de Servizos Sociais.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade dos dezaseis membros presentes acorda:

1- Instar o Goberno municipal a convocar de maneira urxente unha reunión de toda a comunidade educativa e grupos municipais para abordar a realidade dos e das menores no noso concello.

2- Instar o Goberno municipal a pór en marcha un “Plan de apoio de alimentación Infantil”. Incorporarase ao informe dos Servizos Sociais.

9º.- MOCIÓN DO PSG-PSOE SOBRE DERROGACIÓN DO APARTADO “C” DO ARTIGO 41, DA LEI 9/2013, DO 19 DE DECEMBRO, RELATIVO Á NECESIDADE DE OBTENCIÓN DE LICENZA PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS POPULARES

MOCIÓN RELATIVA A INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A DERROGACIÓN DO APARTADO “C” DO ARTIGO 41, DA LEI 9/2013, DO 19 DE DECEMBRO RELATIVO Á NECESIDADE DE OBTENCIÓN DE

LINCENCIA PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS POPULARES.

O **Grupo Municipal do PSdeG – PSOE de Moaña**, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta unha **MOCIÓN** relativa á **“derrogación da normativa que impón ás comisións de festas a obrigatoriedade de tramitar a licenza para a súa celebración”** para o seu debate en Pleno.

EXPOSICION DE MOTIVOS

As comisións de festas teñen sido historicamente en Galicia o instrumento que tradicionalmente teñen creado os veciños para organizar as festas das súas parroquias ou barrios. Calquera que tivera contacto con unha delas sabe o moito de esforzo e altruísmo que aportan seus compoñentes á hora de facer realidade as necesidades festivas dos seus pobos; sendo un exemplo claro de colaboración e participación cidadá á hora de atender demandas colectivas.

Neste contexto, o pasado día 27 de decembro, o Diario Oficial de Galicia publicaba a Lei 9/2013, do 19 de decembro, denominada **“do emprendemento e da competitividade económica de Galicia”**. Nesta disposición legal inclúese unha nova regulación para a concesión de licenza a determinadas actividades de espectáculos públicos e actividades recreativas, e ó seu tenor, no artigo 41, letra c) sinálase que será precisa a obtención de licenza para **“a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles”**.

Este artigo afecta directamente, e dun xeito moi negativo, á labor que desenvolven as comisións de festas, que vense obrigadas a levar a cabo uns trámites administrativos complexos e custosos diante dos Concellos á hora de organizar, baixo criterios de estrita legalidade, as festas locais, o que dificulta a súa labor, xa de por si complicada.

Baste dicir que se lles obriga a presentar un proxecto, asinado por técnico competente, no que se determine o axuste das festas á normativa urbanística e sectorial, e que estableza determinacións sobre prevención e seguridade en incendios. Tamén teñen que presentar, entre outra documentación, plan de emerxencias, plan de auto protección, estudo da mobilidade xerada, estudo de impacto acústico e dispositivo de asistencia sanitaria. (art. 42 da sinalada lei).

Nin que dicir ten que, a Xunta de Galicia ó impoñer estas obrigas, manifesta o seu descoñecemento da realidade das festas parroquiais e de barrio, así como do xeito de organizarse e traballar das comisións veciñais de festas, e pon en moi serio perigo a continuidade destes actos festivos populares.

Mais alá deste inxente prexuízo ós cidadáns, non é menor o que se lle causa ós sectores profesionais que se moven ó seu redor: orquestras e grupos musicais, axentes de espectáculos, feirantes, empresas de atraccións de feira, hostalaría local, etc.

Esta é unha clara mostra dunha disposición legal innecesaria que, como nos ten acostumados a Xunta de Galicia con moitas das súas normas, non só non resolve problema algún, senón que directamente crea un de enorme transcendencia.

Por último non podemos menosprezar os efectos negativos que xera esta norma a gobernos municipais e ás súas estruturas administrativas, que se están vendo obrigados a aplicar unha disposición a todas luces innecesaria e impopular, cargándose, de mais traballo e máis custes.

Por todo o anterior o GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE de Moaña presenta ante o Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

1º. Instar ó Presidente da Xunta de Galicia a adoptar as medidas precisas para a **modificación da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia**, eliminando do seu texto o disposto no **artigo 41, apartado c)**, no que se refire á obriga ás comisións de festas de obtención de licenza para a celebración de festexos populares.

2º. Dar traslado do presente acordo ós grupos políticos con representación no Parlamento Galego, a fin de que adopten as iniciativas pertinentes destinadas a dar cumprimento ó acordado neste moción.

Moaña a 23 de xuño de 2014. Asdo. A Voceira .Marta Freire Riobó

➤ Dona Marta Freire indica que recae sobre a comisión de festas agora os novos requisitos, require proxectos por técnico competente e plan de emerxencias. Esta lexislación pon atrancos, e o PP non coñece a realidade e incrementa os custos e prazos na tramitación. Agora preséntase no prazo dunha semana e non se poderán facer. Agora os técnicos non queren asumir a tramitación. Non beneficia e ten

efectos negativos e necesita unha estrutura administrativa para estes tramites. Hai que modificar o art. 41C) da lei 9/2013 e dar traslado aos grupos políticos do parlamento.

➤ Dona María Colomba sinala que hai unha circular da Dirección Xeral de Administración Local e dá lectura, a circular recolle si son escenarios móbiles. Non cre que o custo sexa moi alto e agora un técnico ofrecerá seguridade.

➤ Dona Marta Freire indica que di que se esixe máis documentación e ampliáanse e con estas trabas moitas festas deixaríanse de facer. En todas as festas son escenarios móbiles.

➤ Dona María Colomba indica que prima a seguridade e agora será un técnico o que o verifique.

➤ Dona Marta Freire sinala que son trabas para as comisións de festas e unha normativa modificable no Concello e pide que se derroque.

Sometido o asunto a votación, prodúcese o seguinte resultado: oito votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE, e oito en contra, os do PP. Logo do empate sométese novamente a votación, co mesmo resultado, decidindo o voto de calidade do Sr. Alcalde, polo que o Pleno da Corporación acorda rexeitar a moción presentada polo PS de Galicia-PSOE relativa a instar a Xunta de Galicia á derogación do apartado “c” do artigo 41, da Lei 9/2013, do 19 de decembro, relativo á necesidade de obtención de licenza para a celebración de festas populares.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se realizan.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 23.04 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Ferverza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García